

ANUNCIO

CONTRATACION TEMPORAL: UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL

Sistema de selección: Concurso-oposición

Duración do contrato: Ata o 31 de decembro de 2008

Modalidade contractual: Contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado. Número de horas semanais: máximo 40 horas.

Prazo de presentación das solicitudes: Remata o día 11 de agosto de 2008 ás 14,00 horas.

Máis información: No Concello de Nigrán en horas de oficina ou na páxina web do Concello www.nigran.org/anuncios.

Nigrán, 17 de xullo de 2008

O ALCALDE

Asdo.: Efrén Juanes Rodríguez

Asunto: Contratación persoal laboral temporal: 1 praza de traballadora social.

Trámite: Aprobación de Convocatoria e Bases de selección.

Sendo necesaria a contratación de persoal laboral temporal: traballadora social por obra ou servizo determinado para proceder á actualización e seguimento dos programas SIUSS e ANTA, esta Alcaldía - Presidencia,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes Bases que rexerán o proceso selectivo:

1ª.- Obxecto da convocatoria: é obxecto desta convocatoria a selección dun traballador/a social para o departamento de servizos sociais deste Concello, que será contratado laboralmente de forma temporal por obra ou servizo determinado para proceder á actualización e seguimento dos programas SIUSS E ANTA.

Con aqueles aspirantes que non resulten seleccionados formarase unha lista de agarda para posibles substitucións, e mesmo para contratacións que se teñan que facer con carácter de urxencia.

2ª.- O sistema de selección será o de concurso - oposición.

3ª.- A duración do contrato será ata o 31 de decembro de 2008. Establecerase un período de proba de 1 mes.

4ª.- Modalidade contractual: Contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado ("actualización e seguimento dos programas SIUSS E ANTA").

Número de horas semanais: máximo 40 horas.

Remuneración salarial: 1490,42 euros brutos ao mes (pagas extras prorrateadas).

5ª.- Requisitos mínimos dos/as aspirantes:

Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Ser español/a. Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións cós españois a aqueles sectores da función pública ós que, segundo o dereito comunitario, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Poseer capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

c) Non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.

d) Estar en posesión da titulación esixida: Diplomatura en Traballo Social

e) Ter, alomenos, 16 anos de idade e non exceder dos 65 anos.

6ª.- Selección:

- Fase de Concurso.- Méritos e sistema de cualificación:

a) Experiencia profesional: ata un máximo de **3 puntos**.

Servicios prestados nos servizos de atención primaria das administracións públicas nun posto de traballo semellante con có obxecto do contrato: 0,10 puntos/mes.

Servicios prestados en empresas privadas nun posto de traballo semellante có obxecto do contrato: 0,05 puntos/mes.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificado orixinal do órgano da administración pública competente e mediante informe no que conste o tempo traballado, posto desenvolvido e as tarefas propias deste no caso de acreditar prestación de servizos nas empresas privadas. Así mesmo achegárase o correspondente informe da vida laboral dos solicitantes emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

b) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM e cursos impartidos por Colexios Profesionais e Sindicatos, que teñan relación coas funcións do posto e relacionado coas funcións propias da categoría: máximo **2 puntos**.

Os cursos valoraranse da seguinte forma:

- de máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- de 70 a 100 horas: 0,50 puntos.
- de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.
- de 15 a 40 horas: 0,20 puntos.
- de menos de 15 horas: 0,10 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante copia compulsada da realización dos mesmos.

Cando na acreditación dos cursos non figure o número de horas aplicarase a puntuación mínima.

c) Coñecemento da lingua galega: ata un máximo de **1 punto**.

- Curso de iniciación de lingua galega ou equivalente CELGA: 0,50 puntos.
- Curso de perfeccionamento de lingua galega ou equivalente CELGA: 0,75 puntos.
- Curso superior de linguaxe administrativa galega ou equivalente CELGA: 1 punto.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante copia compulsada da realización dos mesmos.

- Fase de Oposición.- A oposición constará dous exercicios, segundo se especifica a continuación:

1Primeiro exercicio: Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito dous temas (un de cada parte) durante un período de dúas horas, elixidos ó chou polo tribunal e relacionadas cos seguintes temas:

Parte xeral

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: significado e estrutura. Principios xerais. Reforma da Constitución. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión. O Defensor do Pobo.

Tema 2.- O Estado das autonomías. Modo de organización estatal na Constitución española. Caracteres do dereito á autonomía, Competencias das comunidades autónomas.

Contido e valor normativo dos estatutos de autonomía.

Tema 3.- O Estatuto de autonomía de Galicia.

Tema 4.- O dereito administrativo e o seu concepto. As fontes do ordenamento xurídico: A Constitución. A lei. Disposicións normativas con rango de lei. Os regulamentos. O costume. Os principios xerais de dereito. A xurisprudencia.

Tema 5.- O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Invalidez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade.

Tema 6.- Os recursos administrativos. Revisión de oficio dos actos administrativos.

Tema 7.- O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo.

Tema 8.- A administración local na Constitución Española. Regulación xurídica actual do réxime local. O municipio e as súas competencias. Servicios mínimos obrigatorios.

Tema 9.- O cidadán como cliente da administración. O estatuto dos veciños. A atención ao público.

Tema 10.- A lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Parte específica

Tema 11.- A lei 4/1993, de 14 de abril de servizos sociais de Galicia. Decreto 240/1995 polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria.

Tema 12.- Lei galega de medidas básicas para a inserción social.

Tema 13.- Programa Anta.

Tema 14.- O Plan concertado

Tema 15.- O servizo de axuda a domicilio

Tema 16.- O apoio informático nos servizos sociais: SIUSS E MATIAS

Tema 17.- Pensións non contributivas.

Tema 18.- A lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Personal e Atención a persoas en situación de dependencia.

Tema 19.- Bases para unha política sociofamiliar no Concello de Nigrán. Aspectos poboacionais, territoriais, económicos e sociais do municipio a ter en conta.

Tema 20.- Tipoloxía de atención primaria e especializada no Concello de Nigrán: organización, estrutura e funcionamento.

Este exercicio cualificarase entre 0 e 20 puntos. Quedarán eliminados os aspirantes que non superen os 10 puntos nesta proba.

2Segundo exercicio: procederase a realizar unha proba práctica escrita de carácter obrigatorio sobre o traballo a desenvolver, puntuándose de 0 a 10 puntos; O/a aspirante desenvolverá pro escrito, no prazo máximo dunha hora, un informe con proposta de resolución sobre un caso práctico, elixido ó chou entre varios establecidos polo Tribunal. Quedarán eliminados os aspirantes que non superen os 5 puntos nesta proba.

A cualificación final outorgarase pola suma dos méritos do concurso e a oposición. O tribunal proporá para a súa contratación ao aspirante con maior puntuación final, que superara a proba da oposición.

Tamén se elaborará unha lista de agarda que estará formada polos outros/as aspirantes que superaran o proceso.

7ª .- Prazo de presentación das solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes remata o día 11 de agosto de 2008 ás 14:00 horas. As instancias solicitando participar no proceso selectivo

presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Nigrán, e deberán acompañarse do correspondente currículo que se utilizará para a valoración dos méritos e xustificantes dos méritos.

Os aspirantes deberán presentar no Concello a documentación acreditativa dos méritos persoais en orixinal ou copia compulsada. En caso de utilizar outros medios admitidos en dereito deberán enviar solicitude de participación no proceso ó fax do Concello (FAX : 986 383 931) antes do citado remate de prazo de presentación (11/08/2008).

8ª.- Tribunal cualificador: O tribunal cualificador estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: Rita Ana Mella Daponte como titular e Julio César Doallo Álvarez como suplente.

Vocais:

- Carmen Valtierra Villar como titular e Mª Teresa Freire Estevez como suplente.
- Mª Carmen Iglesias Rial como titular e Eduardo Pérez-Izaguirre López como suplente.
- Inmaculada Lobato Antón como titular e Mª Ángeles Iglesias Rial como suplente.
- Cristina Aballe Sanromán como titular e Antonio Pérez Collazo como suplente.

Secretario/a: D. Álvaro Reinaldo Soto como titular e Mª Carmen Almuíña Torres como suplente.

9ª.- A efectos de valorar os méritos acreditados polos aspirantes (fase concurso) convócase aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 18 de agosto de 2008 ás 10:00 horas na Casa Consistorial de Nigrán. Así mesmo convocase os aspirantes para a realización do primeiro exercicio o día 19 de agosto ás 10:30 horas na Casa Consistorial de Nigrán.

10ª.- Incidencias: O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten na interpretación destas bases e adoptar as resolucións, criterios ou medidas necesarias para o desenvolvemento do concurso –oposición.

A convocatoria, bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

11ª.- Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases, procederase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

SEGUNDO.- Cursar a correspondente convocatoria e facer pública no Diario “Faro de Vigo” e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Nigrán.